



**AXUDAS GRANDES EMPRESAS EN FOEXGA 2024
CONVOCATORIA
MISIÓN COMERCIAL A CENTROAMÉRICA
9 – 23 FEBREIRO 2025**

Resolución do 19 de abril de 2024 pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas Grandes Empresas en FOEXGA 2024 (DOG Nº 83, de 26 de abril do 2024)

**MISIÓN COMERCIAL A CENTROAMÉRICA
NÚMERO DE EXPEDIENTE GRANDES EMPRESAS EN FOEXGA 2024: IG265.2024.1.70
NÚMERO DE EXPEDIENTE FOEXGA DA ACCIÓN DE CORRESPONDENCIA: IG202.2024.1.116
9 – 23 FEBREIRO 2025**

A Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e o Igape convocan unha MISIÓN COMERCIAL A CENTROAMÉRICA.

- ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa e IGAPE
- FINANCIA:** IGAPE
- TIPO DE ACCIÓN:** Misión
- OBXECTO:** Concesión de axudas por parte do Igape para favorecer o incremento da internacionalización das empresas galegas non pemes, coa finalidade de incentivar e estimular o comercio exterior galego e a internacionalización.
- PERSOAS BENEFICIARIAS:** Empresas con centro de traballo en Galicia que non cumpran a condición de peme.
- DATAS:** 9 – 23 FEBREIRO 2025

SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das empresas efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das prazas dispoñibles, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.

PLAN DE VIAJE PREVISTO

O plan de viaje previsto é o seguinte:

Chegada a Panamá: 9/02/2025
Días de traballo en Panamá: 10 e 11 de Febreiro.
Días de traballo en Costa Rica: 12, 13 e 14 de Febreiro
Días de traballo en Guatemala: 17 e 18 de Febreiro
Regreso: 19/02/25

Outras opcións: Pódense contemplar outras opcións de viaxe, por exemplo viaxar só a un país, solicitar axenda só en un ou dous países, etc. Consultar á Cámara.

Tamén pode incluírse na misión o desprazamento a Honduras , El Salvador y/o Nicaragua.

MOI IMPORTANTE: Unicamente se subvencionarán os gastos de viaxe do persoal propio da empresa participante, ou forme parte do consello de administración da mesma.

CUSTO E SERVICIOS OFERTADOS POLA ENTIDADE COLABORADORA

O custo total estimado por empresa é o seguinte:

Opción 1A – Panamá-Costa Rica-Guatemala, con axendas de traballo nos 3 países: 5.500 € + IVE = 6.655 €

Opción 1B – Panamá-Costa Rica-Guatemala, sen axendas de traballo: 3.500 € + IVE = 4.235 €

Opción 2A – Panamá-Costa Rica, con axendas de traballo: 4.400 € + IVE = 5.324 €

Opción 2B - Panamá-Costa Rica, sen axendas de traballo: 2.900 € + IVE = 3.509 €

O custo estimado inclúe: billetes de avión, hotel con almorzo, seguro de viaxe, organización de axendas, gastos de organización da acción e información e asesoramento á peme.

Outras opcións: Pódense contemplar outras opcións de viaxe, por exemplo viaxar só a un país, solicitar axenda só en un ou dous países, etc. Consultar á Cámara.

Son custos estimados e poden variar á baixa ou á alza. Axustaranse en cada caso

REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que superen os límites establecidos para a definición de peme segundo o anexo I do Regulamento nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE do 26.6.2014, L 187).
- b) Que teñan algúm centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Que estean dadas de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir do 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do remate do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- d) As persoas beneficiarias deberán contar con presenza nos medios dixitais internacionais; contarán, como mínimo, cunha páxina web con versión en inglés.
- e) As persoas beneficiarias deberán estar ao día nas súas obrigas coa Facenda pública estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. Tamén deberán cumplir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para ser persoa beneficiaria da axuda, e cumplir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- f) As persoas beneficiarias sométense ao réxime de minimis segundo o recollido no artigo 2.3 destas bases.
- g) Que estean ao día nos pagamentos debidos ás cámaras.
- h) As empresas participantes nunha mesma acción non deberán ter vinculación entre si de ningún tipo (nin coas empresas pemes participantes na acción de correspondencia do Foexga) para poderen optar á subvención; no caso de que participen nunha acción dúas empresas vinculadas, só unha delas poderá optar á subvención. Enténdese por vinculación calquera participación dunha empresa, tanto directa como indirecta, na xestión, control ou capital social

doutra. A vinculación faise extensiva á relación de membros de órgano de goberno, directivos ou xestores.

2. Mediante a presentación da solicitud de participación na acción, as persoas beneficiarias aceptan a tramitación a través da entidade colaboradora, que será, así mesmo, a encargada de informar puntualmente a persoa interesada sobre o estado da súa petición, os seus dereitos e obrigas, e as notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 6.2. O Igape porá á disposición deste programa unha aplicación no endereço da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> para os efectos de cubrir o cuestionario de solicitude de participación electronicamente.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas beneficiarias, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) As descritas no artigo 5.5, letras a), b), c), d), e) e g), obrigas comúns ás entidades colaboradoras.
- b) Cubrir o cuestionario de participación no endereço da internet <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> e presentalo asinado ante a entidade colaboradora convocante da acción.
- c) Confirmar a inscrpción na actuación realizando o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora na data correspondente a cada convocatoria.
- d) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases e como acreditar os requisitos ou as condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria, como son:
 - DNI/NIE da persoa representante.
 - NIF da entidade solicitante.
 - NIF da entidade representante.
 - Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE).
 - Certificado de estar ao día nas obrigas tributarias coa AEAT.
 - Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social.
 - Certificado de estar ao día no pagamento á Consellería de Facenda e Administración Pública.
 - Declaración de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
 - Declaración de concesións de subvencións e axudas.
 - Declaración de concesións pola regra de minimis.
- e) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegarlle a documentación á entidade colaboradora. A axuda aboarase a través da entidade colaboradora unha vez finalizada a acción e cumplidas todas as obrigas.
- f) Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de catro (4) anos desde a súa presentación.
- h) Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumplir os obxectivos do proxecto para o cal se concede a axuda.

- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- j) Consentirlle ao Igape a comprobación de datos necesaria para a determinación da concesión da axuda.

GASTOS SUBVENCIONABLES

1. Será subvencionable a participación das grandes empresas galegas nas actuacións organizadas e executadas por unha entidade colaboradora no marco do programa Foexga 2024 nos países recollidos no anexo VII.
2. Gasto subvencionable: establecese como gasto subvencionable máximo o gasto subvencionable máximo admitido para as pemes nunha acción Foexga; isto é:
 - Participación en misión comercial: 8.000 €.
 - Participación en feira internacional: 32.000 €.
3. Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente pagados entre o día da presentación da solicitude de axuda e a data de fin de execución, segundo o establecido na convocatoria destas bases e na resolución de concesión. Tamén serán subvencionables os gastos efectuados con anterioridade á presentación da solicitude de axuda, correspondentes á reserva das empresas de participacións nas accións.
4. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado e non se admitirán os pagamentos en efectivo.

CONTÍA DA AXUDA

A contía máxima da axuda será do 30 % sobre o gasto subvencionable a que se refire o artigo 3.2; isto é:

- Participación en misión comercial: 2.400 €.
- Participación en feira internacional: 9.600 €.

PRAZO, FORMA DE XUSTIFICACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

Para a tramitación da subvención, a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme os parámetros desta convocatoria cando a Cámara o solicite.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta lles ingrese ás empresas os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de dez (10) días hábiles tras recibir a transferencia do Igape. Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás empresas, as entidades colaboradoras deberán remitirlle ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións, contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.



FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓN

Data límite de inscripción: **27/12/2024**

Para formalizar a inscripción na acción, debe enviar á Cámara de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa a seguinte documentación:

- Solicitud de participación asinada, que poderá cubrir no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual> (IG267).
- Instancia de solicitud (descargase na oficina virtual do IGAPe, unha vez cuberto o cuestionario), firmada polo representante legal da empresa.
- Declaración de outras axudas públicas ou privadas no exercicio fiscal presente e nos dous exercicios anteriores (no caso de haber respondido SI no punto 12 do cuestionario de solicitud). Esta declaración é a mesma que se aporta no punto 13 do cuestionario de solicitud, e deben enviárnola firmada polo representante legal da empresa.
- Copia da acreditación da representación legal do firmante (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder)
- Copia Certificados actualizados de estar o corrente con a AEAT, TGSS e Facenda
- Xustificante de pago a nome da Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía e Arousa por importe correspondente a opción elixida:

DATOS DA CONTA BANCARIA ONDE REALIZAR O PAGO

Banco Sabadell: ES39 0081 0388 0700 0351 4860

(Titular: Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía)

PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establecense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con 40 días ou máis de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- Se se produce con 39 a 30 días de antelación á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- C- Se se produce entre o comezo da misión e os 29 días anteriores a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.

INFORMACIÓN E INSCRICIÓN

Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa
C/ República Argentina 18A – 36201 Vigo
Tfno. 986 446295 / e-mail: comex@camarapvv.com